

I. DISPOSICIÓNS XERAIS

CONSELLERÍA DE EDUCACIÓN E ORDENACIÓN UNIVERSITARIA

CORRECCIÓN de erros. Orde do 5 de maio de 2011 pola que se regulan determinados aspectos relativos ao desenvolvemento do bacharelato e se complementa a normativa sobre esta etapa.

Advertido erro na citada orde publicada no *Diario Oficial de Galicia* n.º 105, do 1 de xuño de 2011, cómpre facer a seguinte corrección:

– Na páxina 12695, o artigo 5 queda redactado da seguinte forma,

«Artigo 5. *Cambio de materias dentro da mesma modalidade.*

1. Ao efectuar a matrícula, o alumnado poderá solicitar o cambio de materias de modalidade ou de materias optativas non superadas. Se o cambio supón a matrícula dunha materia de contidos progresivos ou que requira a acreditación de coñecementos previos, será de aplicación o disposto nos artigos 3 e 4 desta orde.

2. En calquera caso, estes cambios soamente serán autorizados pola dirección cando se impartan as materias solicitadas no centro educativo».